



Estimados pais/nais,

O presente escrito é para comunicarvos as actuacións emprendidas para solucionar o problema, xa coñecido por todos, da concentración elevada de gas radon nalgunha zona do IES.

A semana pasada a Xefa Territorial da Consellería de Educación comunicou que se lle deran instrucións á unidade técnica para que estudara unha solución ao noso problema.

O xoves da mesma semana estivo no centro o equipo de construcións da Secretaria Xeral Técnica para facer un informe sobre o terreo das mellores medidas para rebaixar a concentración de gas.

O xoves 24 tivemos unha reunión en Santiago co Secretario Xeral e na que estivo o Alcalde de Outes. Nesta xuntanza manifestounos a intención de que nun prazo inferior a un mes empezarán a realizarse as obras nos baixos do IES, que é onde se centra o problema, para producir unha ventilación que evite a concentración de gas. Estas medidas xa teñen unha dotación económica polo que confiamos en que a execución será inmediata. Dada a falta de experiencia nestas actuacións, manifesta o compromiso da Consellería de que conforme se realicen as obras efectuaranse tamén medidas de control para comprobar que os valores se van reducindo.

Pensamos que esta solución é a recomendada para este tipo de situacións, e na medida en que as acumulacións de gas no baixo diminúan a súa presenza na planta superior debera caer a valores mínimos dentro dos recomendados.

Para acabar de tranquilizar a todo o mundo, lembre que as aulas comúns onde o alumnado traballa habitualmente están na planta superior onde os valores medidos non son preocupantes.

Pensamos que, unha vez forzada a situación coa campaña de divulgación realizada por todos e dado o claro compromiso manifestado pola administración nos últimos días, non queda máis que darvos as grazas pola axuda prestada e esperar a que as obras se realicen nos prazos marcados.

De todo este proceso estaredes informados puntualmente por este medio e na sección de “avisos” na zona de “pais” da páxina web do centro “<http://www.edu.xunta.es/centros/iespoetaanon/>”.

Estamos á vosa disposición para calquera aclaración. Recibide un saúdo.

Na Serra de Outes a 25 de febreiro de 2011

O DIRECTOR

Asdo.: Daniel Losada Andreu

✂-----

D / D^a

Pai/Nai do alumno/a

Recibín a información referente ao radon.

Data: de de

Devolver o comprobante asinado ao titor/a

Asdo.: _____